

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Corrección de erros.-Decreto 343/1999, do 16 de decembro, polo que se crea o órgano autonómico de coordinación dos plans de investigación e control de determinadas substancias e os seus residuos en animais e os seus produtos con destino ó consumo humano.

Advertido erro na publicación da devandita corrección de erros no *Diario Oficial de Galicia*, número 18, do pasado 27 de xaneiro, baixo o epígrafe da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, cómpre face-la oportuna corrección situándoa baixo o epígrafe da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 20 de xaneiro de 2000 pola que se fixan as normas xerais de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co disposto na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, e nos artigos 46 e 47 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio),

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Períodos hábiles.

Na normativa de cada temporada de pesca fíxanse os períodos hábiles para cada unha das especies pescables.

En todo caso, nas masas de auga que se relacionan nos anexos I e II desta orde, a temporada do reo (*Salmo trutta trutta*), da troita (*Salmo trutta fario*) e doutras especies distintas do salmón (*Salmo salar*) non comezará antes do mes de maio.

Artigo 2º.-Dimensións mínimas.

Modifícase o anexo IV do Regulamento de ordenación de pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais nos seguintes casos:

-Fíxase a dimensión mínima do reo en 30 cm.

-Autorízase a captura da anguía (*Anguilla anguilla*) en fase de angula ou meixón.

Na normativa de pesca de cada temporada poderanse modifica-las dimensións mínimas de captura das distintas especies en masas de auga concretas.

Artigo 3º.-Cotas de captura.

As cotas de captura por pescador e xornada, con carácter xeral, serán as seguintes:

-Salmón: 1 exemplar.

-Reo: 5 exemplares.

-Troita: 15 exemplares.

-Sábalo e saboga (*Alosa spp*): 15 exemplares.

Na normativa de pesca de cada temporada poderanse modifica-las cotas de captura en masas de auga concretas.

Nos ríos nos que haxa troita e máis reo, só se poderá capturar un número de pezas igual ó da cota da troita, das que un máximo de 5 exemplares poderán ser reos.

No caso da anguía, solla, muxo e demais especies típicas de esteiros, a cota máxima de capturas por pescador e día será de 5 kg, podendo non computarse o peso dunha peza. Só se permitirá a tenza dunha peza que exceda o peso do tope establecido.

Os salmónidos procedentes de fuxidas accidentais de centros de acuicultura, caso da troita arco da vella (*Oncorhynchus mykiss*), poderán ser capturados sen límite no tamaño mínimo nin na cota de captura.

Artigo 4º.-Engados autorizados para a captura do salmón.

Con carácter xeral, autorízanse os seguintes engados para a captura do salmón:

-Engados artificiais: mosca artificial, culleriña e peixes artificiais e semellantes.

-Engados naturais: miñoa e quisquilla.

No caso dos engados naturais, deberán empregarse anzois de dimensións maiores ou iguais ás que se sinalan no anexo III desta orde, equivalentes ó número 3/0.

Artigo 5º.-Engados autorizados en masas de auga salmoneiras.

Para a captura de especies piscícolas distintas do salmón nas masas de auga salmoneiras que se relacionan no anexo I desta orde, autorízanse, con carácter xeral, os seguintes engados:

-Engados artificiais: mosca artificial, culleriña dun tamaño máximo de 6,5 cm (medidos entre a argola superior e a curvatura do anzol), peixes artificiais e semellantes, e risco no caso concreto do reo.

A culleriña antes citada e mailos peixes artificiais e semellantes só poderán empregarse con sedela monofilamento cun diámetro menor ou igual a 0,2 mm.

-Engados naturais: mosca natural, saltón, grilo, besbello (larva de odonato) e gusarapa ou bechoco (larva de efemeróptero).

Tódolos engados naturais antes citados unicamente poderán empregarse a floreo (en superficie).

Se algún salmón fose capturado accidentalmente cun engado non autorizado para esta especie, deberá ser devolto inmediatamente á auga.

Artigo 6º.-Engados autorizados en masas de auga non salmoneiras.

Con carácter xeral, autorízanse os seguintes engados en masas de auga non salmoneiras:

-Engados artificiais: mosca artificial, culleriñas e peixes artificiais e semellantes.

-Engados naturais: tódolos engados naturais agás todo tipo de ovas de peixes e o peixe natural vivo, morto ou en anacos.

Así mesmo, na normativa de cada temporada autorízanse engados específicos para especies distintas dos salmónidos en masas de auga concretas.

Artigo 7º.-Modalidades de pesca.

Como regra xeral, e para tódalas especies, só se autoriza a pesca con cana, sen prexuízo da regulamentación específica da anguía, angula ou meixón, lamprea e cangrexo.

Prohíbese o aparello coñecido como «de ninfa» e calquera outro semellante, lastrado no seu extremo e que arrastre polo fondo.

Artigo 8º.-Pesca a flote.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, só se poderá pescar desde embarcacións ou artefactos boiantes naquelas masas de auga expresamente autorizadas nos anexos IV e V desta orde, sen prexuízo das competencias dos organismos responsables da navegación e a flotación nas zonas de desembocadura ou nas masas de auga continentais.

Artigo 9º.-Pesca todo o ano.

As masas de auga nas que se poderá pescar todo o ano serán as que figuran explicitamente autorizadas nos anexos IV e V desta orde, sen prexuízo das vedas que se poidan establecer na normativa de cada temporada.

Artigo 10º.-Canas de pescar e utensilios auxiliares.

De conformidade co disposto no artigo 51 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, para a pesca de salmónidos en tramos de ríos só se permite o emprego dunha cana por pescador e dunha sacadeira ou un lazo como elemento auxiliar.

Para a pesca desde embarcacións só se poderá empregar unha cana por pescador, autorizándose un máximo de tres canas por embarcación, aínda que o número de pescadores sexa maior.

Nas zonas de desembocadura e encoros que se relacionan nos anexos IV e V de esta orde, autorízase o emprego de dúas canas desde a beira e a unha distancia máxima do pescador de tres metros.

Artigo 11º.-Pesca sen morte.

Nos coutos e tramos de pesca sen morte rexerán as seguintes normas:

-Autorízanse unicamente a mosca artificial nas súas distintas modalidades e a culleriña cun só anzol e sen arponciño, quedando prohibido para tódolos efectos o engado natural.

-Tódalas capturas deberán ser devoltas á auga despois da súa extracción.

-Os pescadores non poderán estar en posesión de ningún peixe, aínda que fose pescado noutro tramo.

-Os mércores poderán reservarse os permisos de couto para actividades educativas, solicitadas por entidades interesadas na mellora do medio fluvial. Nestes casos expediranse os permisos gratuitamente, podéndose amplia-lo número máximo de permisos por causas xustificadas.

Artigo 12º.-Prescricións especiais para os coutos de salmón.

En tódolos salmóns capturados comprobarase a existencia de micromarcas magnéticas na cartilaxe nasal no momento de seren precintados e guiados.

Dado que os salmóns micromarcados proceden das repoboacións efectuadas pola Administración galega ou por outras administracións españolas ou estranxeiras, débese proceder á recuperación de micromarcas mediante a extracción dun fragmento da cartilaxe nasal no que se atope a citada micromarca magnética. Nestes casos, os pescadores deberán presta-la súa colaboración e permiti-la permanencia do salmón no centro de precintaxe o tempo necesario para a recuperación da micromarca magnética, propiedade da administración autora da repoboación.

Artigo 13º.-Réximes especiais.

Apróbanse os réximes especiais para encoros, lagoas e zonas de desembocadura que figuran nos anexos IV e V da presente orde.

Artigo 14º.-Normas de pesca para o cangrexo vermello americano (*Procambarus clarkii*) e para a angula ou meixón.

Apróbanse as normas de pesca que figuran nos anexos VI e VII da presente orde.

Na normativa de cada temporada fixaranse os períodos hábiles e mailas zonas nas que se autoriza a captura do cangrexo vermello americano e mais da angula ou meixón.

Disposicións adicionais

Primeira.-Facúltase o director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural para dictar cantas normas sexan necesarias para a regulación da pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.-Facúltase o delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente en Pontevedra para dicar cantas normas sexan necesarias para a regulación da pesca da lamprea nos ríos Tea e Ulla.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2000.

Carlos del Álamo Jiménez
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO I

PRINCIPAIS MASAS DE AUGA HABITADAS POR SALMÓN

Na táboa que se inclúe neste anexo figuran os principais tramos fluviais habitados polo salmón. Nos límites superiores inclúense entre parénteses os concellos nos que se atopan os citados límites. Cando non se fixa un límite inferior concreto, entenderase que o tramo chega ata o límite superior da zona de desembocadura.

Río	Límite superior	Límite inferior
Eo	Pasarela da Volta da Teixeira (Ribeira de Piquín)	
Masma	Ponte de Viloalle (Mondoñedo)	

Río	Límite superior	Límite inferior
Ouro	Pasarela de Valmaior (Foz)	
Landro	Presa Salto do Can (Ouro e Viveiro)	
Mandeo	O Tope (Coirós e Paderne)	
Ulla	Ponte romana de Ponte Ledesma (Vila de Cruces e Boqueixón)	
Deza	Presa de Saídres (Silleda e Vila de Cruces)	Desembocadura no río Ulla
Tea	Lugar de Foxaco (Mondariz)	Desembocadura no río Miño

ANEXO II

PRINCIPAIS MASAS DE AUGA HABITADAS POLO REO


Na táboa que se inclúe neste anexo figuran os principais tramos fluviais habitados polo reo.

Nos límites de cada tramo inclúense entre parénteses os concellos nos que se atopan os citados límites. Cando non se fixa un límite inferior concreto, entenderase que o tramo chega ata o límite superior da zona de desembocadura. Na columna titulada «km» figura a lonxitude aproximada do tramo expresada en quilómetros. Cando a masa de auga inclúe tódolos afluentes existentes no tramo, na columna titulada «Observacións» figura o texto «afluentes»; cando a masa de auga inclúe só o último quilómetro de tódolos afluentes, na mesma columna figura o texto «afluentes 1 km».

Río	Límite superior	Límite inferior	Km	Observacións
Almofrei	Desembocadura do río da Reigosa (Pontevedra)	Desembocadura no río Lérez (Pontevedra)	2,2	
Alvedosa	Nacemento (Pazos de Borbén)	Desembocadura (Redondela)	6,5	
Anllóns	Ponte Caldas (Ponteceso)		11	Afluentes
Eume	Presa do encoro do Eume (As Pontes de García Rodríguez e Monfero)		17,5	Afluentes
Gafos	Confluencia dos ríos Tomeza e Marcón (Pontevedra)	Desembocadura (Pontevedra)	2,5	
De Galdo ou de Bravos	Ponte de Baralla (Viveiro)	Desembocadura no río Landro (Viveiro)	1,7	
Grande	Presa de Castro Buxán (Vimianzo)		8	Afluentes
Lambre	Central eléctrica de Güimil (Vilarmador e Irixoa)		6,5	Afluentes
Lérez	Presa da Minicentral de Dorna (Cotobade e Campo Lameiro)		22,5	Afluentes 1 km
Loureiro	Ponte de Galea (Viveiro)	Desembocadura no río Landro (Viveiro)	2,7	
Maceiras	Nacemento (Redondela)	Desembocadura no río Alvedosa (Redondela)	4,5	
Mera	Ponte de Souto Chao (As Somozas, Ortigueira e As Pontes de García Rodríguez)		18	Afluentes
Miñor	Fervenza da Torre de Chaín (Gondomar)	Desembocadura do río Zamáns (Gondomar)	6	Afluentes 1 km
Oitavén	Encoro de Eiras (Fornelos de Montes e Ponte Caldelas)	Desembocadura no río Verdugo (Soutomaíor)	7,7	Afluentes 1 km
Sor	Nacemento (As Pontes e Muras)		49	Afluentes
Tambre	Presa Barrié de la Maza (Brión e Negreira)		6	Afluentes
Umia	Fervenza de Segade (Caldas de Reis)		25	Afluentes 1 km
Verdugo	Central do Inferno (Soutomaíor)		3	
Xubia	Ponte de Doso (Narón)		5,8	Afluentes

ANEXO III

DIMENSIÓN MÍNIMAS DO ANZOL PARA A PESCA DE SALMÓN
CON CEBEO NATURAL



ANEXO IV

RÉXIME ESPECIAL DE ENCOROS E LAGOAS

Nas táboas que se inclúen neste anexo relaciónanse e delimitáanse os encoros e lagoas sometidos a algún réxime especial de pesca.

Nos encoros nos que non se fixan límites superiores concretos, entenderase que o réxime especial só é aplicable nas augas encoradas e quietas. A normativa aplicarase a partir do límite superior ou, en defecto deste, a máis de 100 m do punto onde rematan as augas correntes, tanto no curso principal coma en tódolos afluentes que vertan ó encoro. Esta distancia aplicarase tanto en ámbalas beiras coma, no caso de pesca desde embarcación, na propia masa de auga.

Nos encoros nos que non se fixa un límite inferior concreto, a normativa aplicarase ata a presa do encoro.

Nos encoros nos que se autoriza a pesca todo o ano, na columna titulada «Características» inclúese o texto «todo o ano», seguido, de se-lo caso, das especies ou grupo de especies as que afecta a autorización fóra do período hábil da troita.

Nos encoros nos que se autoriza a pesca desde embarcacións ou artefactos boiantes, na columna titulada «Características» inclúese o texto «desde embarcación» seguido, de se-lo caso, do tipo de embarcacións ou artefactos autorizados.

Nos encoros nos que se autoriza a ceba das augas con engados vexetais para a captura de ciprínidos, na columna titulada «Características», inclúese o texto «engados vexetais».

Provincia da Coruña

Encoro	Límites	Características
Barrié de la Maza		Desde embarcación.
Castellana		Desde embarcación, só tubo flotador.
Castrelo		Desde embarcación.
Cecebre		Todo o ano. Desde embarcación, só tubo flotador.
Da Ribeira		Desde embarcación.
Das Forcadas		Todo o ano. Desde embarcación.
Eume		Desde embarcación.
Fervenza		Desde embarcación.
Meicende		Desde embarcación.
Ponte Olveira		Desde embarcación.
Portodemouros		Véxase Pontevedra.
Sabón ou de Rosadoiro		Todo o ano. Desde embarcación.
San Cosmade ou de Vilasenín		Todo o ano. Desde embarcación.
San Uxía		Desde embarcación.
Lagoa de Sobrado		Desde embarcación.
Vilagudín		Desde embarcación. Masa de auga en réxime de concesión.

Provincia de Lugo

Encoro	Límites	Características
Belesar	Superior: desembocadura do río Ferreira e a liña imaxinaria perpendicular que une esa desembocadura coa marxe contraria.	Desde embarcación. Todo o ano ciprínidos, agás nos seguintes tramos: a) Pola marxe dereita: desde 600 m augas arriba da desembocadura do río Enviande ata 500 m augas abaixo da desembocadura do río Lama. b) Pola marxe esquerda: desde 500 m augas arriba ata 500 m augas abaixo da desembocadura do río Sardiñeira.
Montefurado	Superior: límite da provincia de Ourense.	Desde embarcación. Engados vexetais.
Os Peares	Superior: ponte da antiga estrada Monforte-Chantada, pola marxe esquerda. 50 m augas abaixo da desembocadura do rego de Camporramiro, pola marxe dereita.	Desde embarcación.

Encoro	Límites	Características
Salime		Desde embarcación.
San Pedro	Superior: ponte de Barca na estrada Ferreira-Luíntra.	Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Engados vexetais.
Santo Estevo	Superior: ponte da estrada N-120.	Desde embarcación. Todo o ano ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra, agás no seguinte tramo: Desde a ponte de Augasmestas ata 1 km augas abaixo da desembocadura do río Lor. Engados vexetais.
Sequeiros	Superior: desembocadura do río Bibeí.	Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos. Engados vexetais.
Vilasouto		Desde embarcación.

Provincia de Ourense

Encoro	Límites	Características
Albarellos	Superior: ponte Albarellos	Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Engados vexetais.
Bao	Superior: ponte da Residencia no río Bibeí. Ponte de Vilariño de Conso no río Conso. Ponte de Bembibre no río Camba.	Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Engados vexetais.
Cachamuña	Superior: pasarela sobre o río Loña na cola do encoro.	Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Engados vexetais.
Castrelo de Miño	Superior: desembocadura do regato Alongos na marxe esquerda e a súa prolongación imaxinaria á marxe dereita.	Desde embarcación, sen motor de explosión. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra.
Chandrea de Queixa	Superior: desembocadura do río Navea.	Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Engados vexetais.
Das Conchas	Superior: ponte da estrada Bande-Mugueimes no río Limia e límite do couto de Cadós.	Desde embarcación, sen motor de explosión. Todo o ano ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Engados vexetais.
Frieira	Superior: desembocadura do río Avia.	Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra.
Guístolas		Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Engados vexetais.
Lindoso	Superior: ponte da estrada a Lobios e á Madalena. Inferior: fronteira con Portugal.	Desde embarcación, sen motor de explosión. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra.
Montefurado	Superior: a ponte da estrada C-536 Ourense-A Rúa. Inferior: límite da provincia de Lugo.	Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Engados vexetais.
Portas	Superior: desembocadura do regato das Pías no río Camba.	Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Quedan excluídas as augas comprendidas entre a liña imaxinaria que une Pena Anduriña coa desembocadura do regato das Cabras e os ríos Ribeira Grande e Ribeira Pequena nos montes do Invernadeiro.
Prada	Superior: ponte da estrada A Veiga-Covelo.	Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra.
Pumares	Superior: ponte de Roldán.	Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Engados vexetais.
San Martiño	Superior: desembocadura do regueiro A Vioca, na marxe esquerda, e a súa prolongación imaxinaria á marxe dereita. Inferior: ponte da estrada A Rúa-Petín.	Desde embarcación, sen motor de explosión. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Engados vexetais.
San Pedro		Véxase Lugo.
Santiago	Superior: desembocadura do río Leira, na marxe esquerda, e a súa prolongación imaxinaria á marxe dereita.	Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Engados vexetais.
Santo Estevo		Véxase Lugo.
Velle	Superior: desembocadura do regato do Fontao, na marxe dereita, e a súa prolongación imaxinaria á marxe esquerda.	Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra.

Provincia de Pontevedra

Encoro	Límites	Características
Lagoa de Castiñeiras		A pesca nesta lagoa rexerese pola normativa que establece o Servizo Provincial de MAN, con fins recreativos e de educación ambiental.
Pontillón de Castro		Todo o ano, sen morte.
Portodemouros		Desde embarcación. Todo o ano, ciprínidos. Engados vexetais.
Zamáns		Desde embarcación, sen motor. Todo o ano, ciprínidos e <i>black-bass</i> ou perca negra. Engados vexetais.

ANEXO V

RÉXIME ESPECIAL EN ZONAS DE DESEMBOCADURA

Autorízase a pesca con cana de especies usuais en esteiros (robaliza, muxo, anguía, solla, etc.) durante todo o ano, coa limitación de devolver ás augas inmediatamente as pezas da familia dos salmónidos que sexan capturadas fóra da súa temporada hábil.

Autorízase a pesca desde embarcacións ou artefactos boiantes.

Como cebo poderase utilizar xorra ou becho de mar (*Nereis sp*), pulga de mar ou miolo de pan. Así mesmo, autorízase a pesca deportiva de cefalópodos con poteira.

De conformidade co establecido nos anexos do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, delimitáanse as seguintes zonas de desembocadura:

Provincia da Coruña

Río	Límite superior	Límite inferior
Anllóns	Canteira de Santa Mariña	Liña recta imaxinaria que une Punta Balarés con Punta Padrón
Baleo	Ponte do ferrocarril	Liña recta imaxinaria que une Punta Ladrado con Punta Descada ou Sartán
Baxoi	Ponte do ferrocarril	Liña recta imaxinaria que une Punta Bañobre con Punta dos Curbeiros de Miño
Belelle	Lugar de Subarreiros	Ponte do ferrocarril Ferrol-Pontedeume
Castro	Desde a presa da piscifactoría	Desembocadura na praia
Condomiñas	Ponte Nova de Cedeira	Liña recta imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira
Das Mestas	A Ponte Vella	Liña recta imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira
Eume	Límite inferior do couto de Ombre	Liña recta imaxinaria que une Punta Madanela con Punta Sentroña
Forcadas	Ponte vella de Ferrerías	Liña recta imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira
Grande	Límite inferior do couto de Ponte do Porto	Liña recta imaxinaria que une Punta Sandia con Punta Roda
Lambre	Límite inferior do couto de Lambre	Liña recta imaxinaria que une Punta dos Curbeiros de Miño con Punta Mauruxo
Mandeo	Ponte vella de Betanzos	Liña recta imaxinaria que une Punta dos Curbeiros de Miño con Punta Mauruxo
Mendo	Ponte nova de Betanzos	Liña recta imaxinaria que une Punta dos Curbeiros de Miño con Punta Mauruxo
Maior	Muíño de Lino	Liña recta imaxinaria que une Punta Ladrado con Punta Descada ou Sartán
Mera	Lugar de Castro-Areeira	Liña recta imaxinaria que une Punta Ladrado con Punta Descada ou Sartán
Mero	100 m augas abaixo da presa da Barcala	Liña recta imaxinaria que une Punta Fiaiteira co varadoiro de Oza
Sóñora	Muíños de Pedrachán	Liña recta imaxinaria que une Punta Requeixo con Punta Testal
Sor	Souto de Xancedo	Liña recta imaxinaria que une Punta do Castro con Punta do Santo
Tambre	Límite inferior do couto de Noia	Liña recta imaxinaria que une Punta Requeixo con Punta Testal
Tines	Límite inferior do couto de Outes	Liña recta imaxinaria que une Punta Requeixo con Punta Testal
Xubia	Límite inferior do couto de Xubia	Ponte do ferrocarril Ferrol-Pontedeume

Provincia de Lugo

Río	Límite superior	Límite inferior
Eo	Ponte do ferrocarril Ferrol-Xixón	Ponte dos Santos
Landro	Ponte Portachao	Liña recta imaxinaria que une a punta do peirao de Celeiro co illote A Insua
Masma	Ponte da Espiñeira na estrada nacional 462 entre os concellos de Foz e Barreiros	Liña recta imaxinaria que une Punta Prados coa punta da crebaondas de Foz
Ouro	Ponte vella de Fazouro	Ponte do ferrocarril Ferrol-Xixón

Provincia de Pontevedra

Río	Límite superior	Límite inferior
Lérez	Ponte do ferrocarril Vigo-A Coruña en Monteporreiro	Liñas rectas imaxinarias que unen Punta Campelo co extremo distal da crebaondas da canle do río e este último con Punta Praceres

Río	Límite superior	Límite inferior
Miñor	Ponte da Xunqueira	Liña recta imaxinaria que une a punta da barra da praia Ladeira e Punta Lourido
Ulla	Ponte de Catoira	Liña recta imaxinaria que une Punta Seveira con Punta Rebordexo e súa continuación, bordeando a illa de Cortegada, ata o faro do dique de Carril
Umia	Ponte Estacas, na estrada C-550	Liña recta imaxinaria que une Punta San Sadurniño con Punta Borrelo
Verdugo	Carballeira dos Franceses no lugar de Camboa, na marxe dereita, e O Cafexo, na marxe esquerda	Liña recta imaxinaria que une Punta Ulló con Punta Muxeira

ANEXO VI

NORMAS DE PESCA PARA O CANGREXO VERMELLO AMERICANO

Na orde que regule cada temporada de pesca estableceranse as zonas e épocas nas que se poderá captura-lo cangrexo vermello americano.

A pesca do cangrexo vermello americano rexerá polas seguintes prescricións:

-Para a práctica da pesca requirirase estar en posesión da licenza de pesca fluvial.

-A única arte autorizada é o retel. Cada pescador só poderá empregar un máximo de 10 reteis.

-Cada pescador non ocupará cos seus reteis máis de 100 m de río ou de beira de encoro.

-Tódalas capturas deberán ser sacrificadas na zona de pesca, para isto, inmediatamente despois da captura de cada animal haberá que quitarlle o apéndice central da cola, de tal xeito que se saque tamén parte do tubo dixestivo do animal.

-En función da evolución da temporada, a Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, por proposta do Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural, poderá limita-lo número de pescadores nunha ou varias zonas de pesca, establecer cotas de captura, modifica-las datas da campaña ou establecer cantas normas complementarias sexan precisas.

ANEXO VII

NORMAS DE PESCA PARA A ANGULA OU MEIXÓN

Na orde que regule cada temporada de pesca estableceranse as zonas e épocas nas que se poderá captura-la angula ou meixón.

A pesca da angula ou meixón rexerá polas seguintes prescricións:

-Para a práctica da pesca requirirase estar en posesión da licenza de pesca fluvial.

-A pesca efectuarase durante as seis horas de subida da marea nocturna, desde o quinto día anterior á lúa nova ata o quinto día posterior, isto é, durante 11 noites consecutivas.

-Só se autoriza a captura desde terra, quedando prohibida para tódolos efectos a pesca desde embarcación.

-A única arte autorizada é o trueiro ou cribo, cun diámetro máximo na boca de 70 cm.

-En función da evolución da tempada, a Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, por proposta do Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural, poderá limita-lo número de pescadores nunha ou varias zonas de pesca, establecer cotas de captura, modifica-las datas de campaña ou establecer cantas normas complementarias sexan precisas para garanti-lo correcto desenvolvemento da temporada de pesca da angula e protexe-lo recurso.

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS:

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 11 de xaneiro de 2000 pola que se nomea novo vocal do Consello Galego de Formación Profesional.

O Decreto 110/1999, do 8 de abril (DOG do 5 de maio), polo que se crea e regula o Consello Galego de Formación Profesional, establece no seu artigo 5.2º que os membros do Consello Galego de Formación Profesional e os seus suplentes serán nomeados polo titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta de cada un dos grupos ou consellerías que representan, e que o seu cesamento se levará a cabo deste mesmo xeito.

En consecuencia, por proposta da Consellería de Industria e Comercio

DISPOÑO:

Artigo 1º.-O cesamento de Joaquín del Moral Crespo como vocal titular, en representación da Consellería de Industria e Comercio, no Consello Galego de Formación Profesional.

Artigo 2º.-Designar a Ramón Ordás Badía como vocal titular, en representación da Consellería de Industria e Comercio, no Consello Galego de Formación Profesional.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2000.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

Corrección de erros.-Orde do 20 de xaneiro de 2000 pola que se fixan as normas xerais de pesca en augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia (Diario Oficial de Galicia número 21, do martes 1 de febreiro de 2000).

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG do 1 de febreiro de 2000, cómpre face-las oportunas correccións:

Na páxina 1.286, no artigo 11º.-Pesca sen morte.

Onde di: «Tódalas capturas deberán ser devoltas á auga despois da súa extracción», debe dicir: «Tódalas capturas deberán ser devoltas inmediatamente á auga despois da súa extracción».

Na páxina 1.287, no anexo I, principais masas de auga habitadas por salmón:

Onde di:

Río	Límite superior	Límite inferior
Ulla	Ponte romana de Ponte Ledesma (Vila de Cruces e Boqueixón)	

Debe dicir:

Río	Límite superior	Límite inferior
Ulla	Desembocadura do río Lañas e a súa prolongación imaxinaria á marxe esquerda (Touro e Vila de Cruces)	

Na páxina 1.288, no réxime especial de encoros e lagoas da provincia de Lugo:

-No encoro de Belesar, nas súas características, hai que engadi-lo texto: «engados vexetais».

-No encoro de Montefurado, nas súas características, hai que engadi-lo texto: «todo o ano, ciprínidos e black-bass ou perca negra».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Resolución do 14 de febreiro de 2000 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de febreiro de 2000, polo que se modifica a relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A adecuación do cadro de persoal dos centros docentes existentes ó número de alumnos matriculados e a superficie deles, fai necesario modificala vixente relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En consecuencia, por proposta da devandita consellería, consultadas as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma de Galicia e a Comisión de Persoal, o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do once de febreiro de dous mil, adoptou o seguinte

ACORDO:

Primeiro.-Modifica-la vixente relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos termos que se sinalan no anexo ó presente acordo.

Segundo.-Ordena-la publicación de dita modificación no *Diario Oficial de Galicia* para efectos da súa entrada en vigor a partir do día seguinte a ela.

Visto o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do once de febreiro de dous mil, relativo á modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa finalidade de cumprilo dito acordo, dispoño que se publique no *Diario Oficial de Galicia* como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2000.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia e Administración
Pública